

**MAPA DE RECURSOS**  
**PARA PROFESIONAIS**  
**DO ÁMBITO XURÍDICO**

**Traballando con persoas vítimas  
de trata e explotación sexual**



<b>un</b>	Concepto de trata de persoas	[04]
<b>dous</b>	Diferenzas entre o concepto de trata e o tráfico ilegal de inmigrantes	[06]
<b>tres</b>	Relación entre a trata con fin de explotación sexual e a prostitución	[08]
<b>catro</b>	Trata de mulleres, explotación sexual e violencia de xénero	[10]
<b>cinco</b>	Marco normativo	[12]
<b>seis</b>	Indicios para detectar a vítimas de trata con fins de explotación sexual	[16]
<b>sete</b>	Perfil das mulleres vítimas de trata en España	[18]
<b>oito</b>	Modos de actuación das persoas e/ou redes de trata de mulleres en España	[20]
<b>nove</b>	Dereitos e obrigas das mulleres vítimas de trata	[22]
<b>dez</b>	O protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual a / O réxime penal e procesual da trata de mulleres. Abordaxe no ámbito xudicial e no ámbito de actuación das ONG	[24]
<b>once</b>	Mapa de recursos sociais	[32]

**Edición:** Xunta de Galicia

**Deseño e redacción:** Grupo OBZ

Eva María Garabal Nieto. Politóloga / Ismael Blanco Bouza. Sociólogo

Iria Romero Souto. Psicóloga / Vanessa Nistal Bodelón. Deseñadora

**un**

---

**CONCEPTO DE TRATA DE PERSOAS**

A trata de seres humanos con fins de explotación sexual supón unha das maiores violacións dos Dereitos Humanos ás que se enfrenta a Comunidade Internacional na última década e as súas repercusións son especialmente preocupantes para as mulleres, xa que millóns delas acaban caendo en redes de explotación sexual.

O “Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente de mulleres e nenos/as” [Palermo,2000] define a trata de persoas no seu Artigo 3 do seguinte modo:

*Por “trata de persoas” entenderase a captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción de persoas, recorrendo á ameaza ou ao uso da forza ou outras formas de coacción, ao rapto, á fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou á concesión ou recepción de pagamentos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra, con fins de explotación. Esa explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual, os traballos ou servizos forzados, a escravitude ou as prácticas análogas á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos.*

Esta definición de trata pódese desagregar en tres elementos fundamentais:

| **A acción**

Consiste na captación, transporte, embarque ou recepción de persoas.

| **Os medios utilizados**

Ameaza, forza, engano, abuso de poder, vulnerabilidade, pagamento ou remuneración a alguén que exerza un control previo sobre a vítima.

| **A finalidade**

Propósito de explotación tanto de tipo sexual, como mediante traballos forzados, escravitude e prácticas similares ou extracción de órganos.

# dous

---

DIFERENZAS ENTRE O CONCEPTO DE TRATA  
E O TRÁFICO ILEGAL DE INMIGRANTES

É moi común a confusión entre o tráfico ilícito de inmigrantes e trata de persoas xa que ambas se dedican a comerciar con persoas. Aínda así, debemos recalcar dúas grandes diferenzas entre ambos os conceptos.

O obxectivo da Trata é a explotación da persoa, en cambio no Tráfico o obxectivo está na entrada ilegal de inmigrantes [persoas in-documentadas] nun determinado país e o cobramento de cartos por este concepto. No caso da Trata non é indispensable que as vítimas crucen as fronteiras para que se configure o feito delituoso, fenómeno coñecido como “trata interna”; en cambio no Tráfico este cruzamento de fronteiras si é un elemento necesario [*Federación de Mujeres Progresistas*].

Nacións Unidas define o tráfico ilegal de inmigrantes como “Procedemento para obter, directa ou indirectamente, un beneficio económico da entrada ilegal dunha persoa nun país do que non é nacional nin residente permanente”.

Por este motivo é necesario ter claro a diferenza entre ambos os dous fenómenos que, aínda sendo situacións moitas veces complementarias, non sempre están relacionadas entre si, é dicir, o tráfico ilícito de inmigrantes non sempre desemboca en trata de persoas.

Os factores que nos permiten distinguir ambos fenómenos son os seguintes:

- | **Consentimento:** o tráfico ilegal de persoas, aínda que a miúdo se desenvolve en condicións perigosas ou degradantes, implica o seu consentimento a poñerse en mans dos traficantes. A trata non é consentida, ou de mediar consentimento, obtívose con engano, coacción ou abuso.
- | **Explotación:** o tráfico ilegal remata coa chegada das persoas traficadas ao seu destino. A trata implica unha posterior explotación da vítima coa finalidade de obter beneficios económicos.
- | **Transnacionalidade:** o tráfico ilegal de emigrantes é sempre transnacional mentres que a trata pode producirse entre distintas zonas dun mesmo país.

No que respecta á normativa estatal nesta materia, o artigo 318 bis do Código penal, regulaba de forma uniforme a trata de seres humanos e a inmigración clandestina unificando as dúas realidades criminolóxicas en contra do disposto na normativa internacional.

A necesidade de axustar a normativa española aos convenios internacionais obrigaba a modificar a regulación desta materia, tipificando de xeito independente ambas figuras delituosas. Así, a través da LO 5/2010, de 22 de xuño, de reforma do Código penal [que entrará en vigor o día 23 de decembro de 2010], régúlase a trata de seres humanos nun capítulo independente: o VII bis, no cal se lle dá autonomía ao delito de trata de seres humanos que pasa a ser tipificado especificamente no artigo 177 bis, permanecendo o delito de inmigración clandestina regulado no artigo 318 bis.

# tres

---

RELACIÓN ENTRE A TRATA CON  
FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E A  
PROSTITUCIÓN



A Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades en 2007 recoñeceu tamén que *“a prostitución e o tráfico de persoas son fenómenos ligados e relacionados que non poden separarse”*.

Aínda que é certo que non todas as mulleres en situación de prostitución ou sometidas a calquera outra forma de explotación sexual foron obxecto de trata cos devanditos fins, resulta absolutamente necesario non esquecer que a trata e a prostitución ou a explotación sexual, en calquera das súas manifestacións, se encontran fortemente interrelacionadas entre si.

Por iso, dentro da violencia de xénero e da desigualdade en xeral entre homes e mulleres, a trata con fins de explotación sexual, a prostitución e outras formas de explotación sexual, teñen unha especial gravidade pois supoñen a redución máxima dunha persoa a un mero obxecto, e a persoa reducida a esta condición está exposta a un trato vexatorio e mesmo violento.

# catro

---

TRATA DE MULLERES, EXPLOTACIÓN SEXUAL  
E VIOLENCIA DE XÉNERO

Violencia contra a muller é todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino, que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller.

Como outras manifestacións da violencia contra as mulleres, a explotación sexual feminina caracterízase polas relacións de dominación e explotación que os homes exercen sobre as mulleres, relacións de desigualdade asentadas nos valores tradicionais do patriarcado.

É necesario insistir en que os factores causantes da trata con finalidade de explotación sexual deben analizarse desde unha perspectiva de xénero.

A Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1993, reconece que a violencia contra as mulleres é unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres, e defínea no seu art. 1º como: “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorre na vida pública coma na vida privada”.

E no seu art. 2º establece os actos que abrangue, aínda que sen limitarse a eles:

- a** — A violencia física, sexual e psicolóxica que se produza na familia, incluídos os malos tratos, o abuso sexual das nenas no fogar, a violencia relacionada coa dote, a violación polo marido, a mutilación xenital feminina e outras prácticas tradicionais nocivas para a muller, os actos de violencia perpetrados por outros membros da familia e a violencia relacionada coa explotación;
- b** — A violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada dentro da comunidade en xeral, inclusive a violación, o abuso sexual, o acoso e a intimidación sexual no traballo, en institucións educacionais e noutros lugares, a trata de mulleres e a prostitución forzada;
- c** — A violencia física, sexual e psicolóxica perpetrada ou tolerada polo Estado, onde queira que aconteza.

Así mesmo, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no seu artigo 3 sobre formas de violencia de xénero expón como unha das formas de violencia o tráfico de mulleres:

*“O tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación, calquera que fose a relación que una á vítima co agresor e o medio utilizado.”*

Partindo da discriminación de orixe existente entre homes e mulleres e da realidade social, podemos dicir que a maioría das persoas prostituídas son mulleres e os que maioritariamente consumen prostitución son varóns, a trata de mulleres con fins de explotación sexual é unha forma de violencia de xénero.

Deste modo, a discriminación das mulleres, a desigualdade nas relacións entre homes e mulleres e o modelo hexemónico de sexualidade masculina, son vitais á hora de comprender a explotación sexual de mulleres.

# cinco

## MARCO NORMATIVO

### Ámbito internacional

1948

#### **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**

Artigo 4 *“ninguén estará sometido a escravitude nin a servidume, a escravitude e a trata de escravos están prohibidas en todas as súas formas”*

1948

#### **Convenio das Nacións Unidas para a represión da trata de persoas e a explotación da prostitución allea**

Establece que a vítima deste tipo de delitos pode ser dun ou doutro sexo e entende que a prostitución é unha forma máis de violencia.

1979

#### **Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra as mulleres [CEDAW]**

Recorda a obriga dos Estados parte de tomar medidas para suprimir a trata e a prostitución de mulleres.

2000

#### **Convención das Nacións Unidas contra o crime organizado transnacional\***

[e protocolos adicionais contra o tráfico de Migrantes por Terra, Mar e Aire; e para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente das mulleres e as crianzas].

— Obriga aos estados parte ao desenvolvemento de programas de asistencia e protección ás vítimas.

— Amplía a conceptualización do delito de trata, o cal non se circunscribe unicamente á trata con fins de explotación sexual.

\*En España ratificáronse os seguintes Protocolos:

- Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e crianzas, que complementa a convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional [Instrumento de ratificación de 21/02/2002, publicado no BOE de 11/12/2003].

- Protocolo contra o tráfico ilícito de emigrantes por terra, mar e aire, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada Transnacional [Instrumento de ratificación de 21/2/2002 publicado no BOE de 10/12/2003].

**1996 | Asemblea parlamentaria do Consello de Europa relativa á explotación sexual da nenez/Comunicación da Comisión sobre a loita contra o turismo sexual**

Reforzan o compromiso da Unión Europea na loita contra os abusos e a explotación sexual de menores.

**1997 | Acción común relativa á loita contra a trata de seres humanos e a explotación sexual de menores**

Solicita aos Estados Membros unificar a normativa europea nesta materia para facilitar a loita contra estes delitos e establecer un mellor sistema de cooperación xudicial.

**1998 | Comunicación sobre novas medidas no ámbito da loita contra a trata de mulleres no prazo 2000-2004**

Novas medidas para loitar contra este delito.  
 Pretende promover a participación de todas e todos os protagonistas na loita contra este comercio.

**2002 | Decisión marco 2002/629/jai do Consello de 19/07/02**

Relativa á loita contra a trata de seres humanos.

**2003 | Plan De Acción Da OSCE\* Aprobado Polo Consello Ministerial De Maastricht, "Loitando Contra A Trata De Seres Humanos"**

Recole a necesidade de cooperación entre os Estados así como a participación da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa na erradicación desta lacra.

**2004 | Directiva 2004/81/ce do Consello, de 29 de abril de 2004**

relativa á expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas de trata de seres humanos ou foran obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal, que cooperen coas autoridades competentes.

Establece unha serie de regras e protocolos de actuación para promover a cooperación entre as autoridades competentes de cada un dos estados parte da UE.

**2005 | Convenio europeo contra a trata de seres humanos**

Ferramenta fundamental para a protección das vítimas desde unha perspectiva de xénero.

Propón unha acción integral contra a trata [resposta política coordinada en materia de xustiza, cooperación para o desenvolvemento, seguridade, emprego ...].

**2005 | Plan da UE sobre melloras prácticas, normas e procedementos para loitar contra a trata**

Solicita aos Estados que velen polo respecto aos dereitos humanos das vítimas de trata e loiten pola erradicación da corrupción e da pobreza.

\*2003, PLAN DE ACCIÓN DA OSCE: España é un dos Estados participantes na aprobación deste plan.

## MARCO NORMATIVO

### Ámbito estatal

1978

#### Constitución española

Artigo 15 “ Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes”

#### Código penal

Artigo 318 bis: DELITO DE INMIGRACIÓN CLANDESTINA [introducido pola LO 4/2000, de 11 de xaneiro sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social].

Artigo 117 bis: DELITO DE TRATA DE SERES HUMANOS [introducido pola LO 5/2010, de 22 de xuño, de reforma do Código Penal, que entrará en vigor o día 23-12-2010]: a principal novidade deste artigo é a eliminación do requisito transfronteirizo, de xeito que, coa entrada en vigor deste precepto, poderanse perseguir como trata de seres humanos con fins de explotación sexual condutas que antes non podían englobarse neste delito, tales como o tráfico de cidadás polo territorio Shengen [especialmente o de búlgaras e romanesas], así como a venda ou cesión do control de mulleres entre proxenetas.

2008

#### I Plan Nacional contra a trata con fins de explotación sexual

Recolle medidas que pretenden sensibilizar á sociedade para promover reaccións de “tolerancia cero” contra os actos delituosos relacionados coa trata, combater as súas causas a través de políticas activas de cooperación cos países de orixe, tránsito e destino, contar coas ONGs para o desenvolvemento de medidas desde unha perspectiva integral, asegurar a asistencia e protección á vítima e loitar contra os traficantes e proxenetas.

### **Reformas na lexislación de estranxeiría**

Motivadas pola transposición ao ordenamento xurídico español de dúas normas europeas:

Directiva 2004/81/CE do Consello, de 24 de abril, de 2004 relativa á expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas de trata de seres humanos ou foran obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal, que cooperen coas autoridades competentes.

Convenio europeo de loita contra a trata de seres humanos asinado en Varsovia o 16 de abril de 2005.

- LO 2/2009, de 11 de decembro, que modifica a LO 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre Dereitos e Liberdades dos estranxeiros.
- art. 59 bis: *establece medidas de protección para vítimas de trata de seres humanos.*

Como consecuencia da entrada en vigor deste artigo, a Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior ditou a Instrución 1/2010 cuxa finalidade é elaborar un protocolo de actuación eficaz destinado a identificar ás vítimas de trata, ofrecerlles a posibilidade de acollerse ao período de reflexión e de colaborar coa administración de xustiza na persecución dos culpables, así como de optar entre a obtención dun permiso de residencia e traballo ou ben de regresar ao seu país en condicións dignas.

### **Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.**

Recolle como unha forma de violencia de xénero o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación, calquera que fose a relación que una a vítima co agresor e o medio utilizado.

### **Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.**

**Galicia**

# seis

## INDICIOS PARA DETECTAR A VÍTIMAS DE TRATA CON FINES DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

---

A situación de cada vítima de trata pode ser diferente, pero existen certos comportamentos ou situacións que son comúns e permiten que, a través de certos indicios, se poida detectar unha situación de trata.

A *Red Española contra la trata de personas* recolle toda unha serie de indicios que aínda que por si mesmos non poden determinar un caso de trata, poden axudar a saber que a persoa pode estar controlada por outra, e polo tanto estar alerta.

### Indicios xerais

---

- ⊙ Carencia ou falsidade de documentos de identidade [en especial o pasaporte] e de inmigración [visados, permisos de residencia, etc.].
  - ⊙ Ausencia ou escaseza de diñeiro, xa que é controlado polo tratante ou proxeneta.
  - ⊙ Incapacidade de mudarse a outro sitio ou deixar o seu traballo.
  - ⊙ Illamento dos seus familiares.
  - ⊙ Custe excesivo pagado polo seu viaxe, normalmente en forma de débeda.
  - ⊙ Illamento social: limitación do contacto con persoas alleas aos tratantes.
  - ⊙ Incapacidade ou dificultades para comunicarse no idioma do país, se xa leva moito tempo nel.
  - ⊙ Sufrimento de abusos verbais ou psicolóxicos co fin de intimidar, degradar ou atemorizar.
- 

### Indicios relativos ao seu contorno

---

- ⊙ Medidas extremas de seguridade no establecemento no que “traballa”, incluíndo ventas con barrotes, portas aseguradas, ubicación illada, vixilancia electrónica, etc. Nunca se ve a mulleres abandoando estas instalacións a menos que estean escoltadas.
  - ⊙ As vítimas viven no establecemento no que “traballan”, como o prostíbulo ou o club, ou son transportadas baixo vixilancia das súas vivendas ao seu lugar de “traballo”.
  - ⊙ As vítimas son mantidas baixo vixilancia en público. Así mesmo, en ocasións, un dos tratantes actúa como tradutor.
- 

### Indicios condutuais non verbais

---

- ⊙ Presentan unha aparencia desaliñada, descoidada, así como rastros de maltrato.
  - ⊙ Nótaselles ansiosas, con medo e especialmente susceptibles ou impresionables.
  - ⊙ Están extremadamente nerviosas; en especial, se as acompaña alguén que pode formar parte da trata.
-



### Indicios verbais

---

- ⊙ Poden expresar medo e preocupación pola súa situación ou pola da da súa familia, ben sexa no país de orixe ou outro.
  - ⊙ Respostas evasivas e que amosan temor, especialmente se as acompaña o que podería ser o seu tratante ou parte da rede criminal.
- 

### Indicios na saúde física da vítima

---

- ⊙ Desnutrición, deshidratación e escasa hixiene persoal.
  - ⊙ Infeccións e enfermidades de transmisión sexual.
  - ⊙ Contusións, ósos rotos ou outros sinais.
  - ⊙ Sinais de violación ou abuso sexual.
  - ⊙ Enfermidades graves, incluíndo diabetes, cancro ou enfermidades cardíacas, que non están recibindo tratamento.
  - ⊙ Signos visibles de cortes, mazaduras, queimaduras.
  - ⊙ Malas condicións de saúde en xeral.
- 

### Indicios na saúde mental da vítima

---

- ⊙ Estrés postraumático ou alteracións psicolóxicas [trauma, depresión, ansiedade].
  - ⊙ Trastornos de personalidade, adaptativos, relacionados coa adicción a drogas e alcohol, amnésicos, disociativos, do sono.
  - ⊙ Os síntomas ou manifestacións máis frecuentes poden ser: dores de cabeza, alteracións do sono, sobresáltase con facilidade, tremores nas mans, aparencia nerviosa ou preocupada, chora con facilidade, dificultade para ter as ideas claras, falta de autoestima, perda de interese nas cousas, pensamentos de suicidio, fatiga xeneralizada, malestar no estómago, adicción a tóxicos e alcohol.
-

# sete

---

PERFIL DAS MULLERES VÍTIMAS DE  
TRATA EN ESPAÑA

O fenómeno da trata en España é sumamente diverso e variado, polo que soamente podemos dar algunhas pinceladas que nos axuden a describir o perfil dunha muller que está sendo vítima de trata.

### **Lugar de orixe das vítimas**

En España pódense atopar persoas vítimas de trata de calquera parte do mundo, e aínda que son maioritariamente de Brasil, Bulgaria, Colombia, Ecuador, Nixeria, Romanía, Rusia e Ucraia, pódense atopar mulleres doutras nacionalidades de países de Europa do Leste, África Subsahariana, América Latina e Asia.

Tamén é significativa a presenza de mulleres transexuais e homes, procedentes principalmente de Brasil e Ecuador.

### **Idade**

A maioría das vítimas de trata en España son mulleres entre 18 e 30, anos aínda que non podemos deixar excluídas a mulleres fóra deste rango de idade, xa que a pesar das dificultades para identificar a menores de idade pódense atopar casos con relativa frecuencia.

### **Situación das mulleres**

Moitas destas mulleres poden ter cargas familiares no seu país, circunstancia que é coñecida moitas veces polos tratantes e, en moitas ocasións, utilizada como ameaza.

Os tratantes buscan a mulleres especialmente susceptibles de engano, como por exemplo, aquelas que están pensando na posibilidade de migrar pero non teñen recursos suficientes.

Estas situacións de necesidade, unidas a outros factores que se poden dar nos países de orixe, como pobreza ou crises económicas, favorecen a actividade das persoas ou redes de tratantes.

Nalgúns casos, as mulleres veñen a España sabendo que van ter que exercer a prostitución durante un período de tempo, pero as condicións iniciais acordadas non teñen nada que ver coa situación de escravitude na que se atopan unha vez no lugar de destino.

### **Lugares onde as mulleres son explotadas sexualmente**

A situación de explotación na prostitución pode ter lugar tanto en lugares abertos, rúas, estradas, parques, etc. onde hai unha maior visibilidade, como en lugares cerrados e menos accesible, como clubs, pisos e casas de masaxes.

# oito

---

**MODOS DE ACTUACIÓN DAS PERSOAS E/OU  
REDES DE TRATA DE MULLERES EN ESPAÑA**

En España operan redes criminais organizadas ben estruturadas, con vínculos con outros sectores do crime organizado internacional, que adoitan ter un modo de actuar moi violento e someten ás mulleres a un estrito control.

Por outro lado, tamén existen grupos de persoas que, sen poder ser consideradas redes criminais organizadas, póñense de acordo para a comisión deste delito e teñen baixo o seu control a varias mulleres sometidas a explotación.

A forma de captar a mulleres pode variar considerablemente, ás veces unha muller vítima de trata ten que captar a unha ou dúas mulleres máis para saldar a súa débeda e recuperar a súa liberdade.

Os tratantes de persoas utilizan diversas técnicas para manter escravizadas ás súas vítimas, algunhas destas son:

| Servidume por débeda: obrigas financeiras, compromiso de honra de satisfacer a débeda.

| Illamento: limitación do contacto con persoas alleas e coa familia.

| Confiscación de pasaportes, visados ou documentos de identidade.

| Violencia física, psicolóxica ou sexual contra as vítimas ou contra a súa familia, así como a ameaza de aplicala.

| Ameaza de deshorrar ás vítimas revelando as circunstancias á familia.

| Atemorizar e manipular ás vítimas facéndolles crer que se se poñen en contacto coas autoridades serán presas e deportadas por violar disposicións de inmigración.

| Control dos cartos das vítimas.

# nove

---

**DEREITOS E OBRIGAS DAS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA**

A continuación, descríbense unha serie de dereitos e obrigas para a vítima de trata que pasamos a enumerar:

## Dereitos

<b>a</b>	Recibir información nun idioma que comprendan.	<b>g</b>	A personarse, ser oída e que se teña en conta a súa opinión en todas as etapas do proceso.
<b>b</b>	A que se lles proporcione aloxamento apropiado, alimentación e se facilite a súa hixiene persoal, ao igual que aos seus fillos e fillas menores de idade.	<b>h</b>	A que se protexa a súa identidade e intimidade.
<b>c</b>	Contar con asistencia psicolóxica, médica e xurídica gratuíta.	<b>i</b>	A iniciar procedementos para a restitución dos seus dereitos e obtención de indemnizacións (Lei 35/1995 do 11 de decembro, de axuda e asistencia ás vítimas dos delitos violentos).
<b>d</b>	A un período de reflexión mínimo dun mes de duración para valorar con serenidade e seguridade a posibilidade de colaborar coas autoridades na investigación do delito.	<b>l</b>	A obter un permiso de residencia se existe risco de regresar ao seu país de orixe, ou se se produce a colaboración coas autoridades xudiciais e fiscais, tras o período de reflexión.
<b>e</b>	A prestar testemuño en condicións especiais de protección, e á protección fronte a toda posible ou efectiva represalia (LO 19/1994, de 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais).	<b>m</b>	A que se lles facilite o retorno ao seu lugar de orixe en condicións de seguridade e dignidade e aplicando preferentemente e sempre que sexa posible o retorno voluntario, así como o dos seus fillos e o das súas fillas menores de idade.
<b>f</b>	A ser informada das actuacións, das medidas adoptadas e das consecuencias do proceso.		

## Obrigas

<b>a</b>	Colaborar coas autoridades competentes, unha vez tomada a decisión de denunciar a súa situación, en relación coas circunstancias de captación e do modo de actuación explotadora dos traficantes.	<b>c</b>	Non retomar o contacto cos seus explotadores.
<b>b</b>	Persistencia no testemuño, para evitar que a retractación do mesmo poida dar lugar á perda dos dereitos relativos a súa permanencia en España.	<b>d</b>	Obriga de colaborar de forma leal e non fraudulenta.

# dez

---

**O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN INSTITUCIONAL  
SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PREVEN-  
CIÓN, INVESTIGACIÓN E TRATAMIENTO DAS  
MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE  
EXPLOTACIÓN SEXUAL**



Galicia conta cun protocolo específico para combater o tráfico de persoas, asinado pola Xunta de Galicia e a Fiscalía Superior de Galicia.

<http://igualdade.xunta.es/node/815>

Coa finalidade de implementar medidas destinadas a previr a trata de mulleres para a explotación sexual e asistir ás súas vítimas, o protocolo marca unhas pautas básicas de actuación nos procesos emprendidos nesta materia, así como, a creación dun programa de Prevención e Asistencia de estrutura pública, especificamente dirixido ás Vítimas da Trata de Persoas, no ámbito galego.

Dito protocolo é unha ferramenta que pretende xuntar esforzos entre as autoridades xudiciais e fiscais, así coma das Forzas de Seguridade para instaurar indicadores comúns de actuación que favorezan unha mellor coordinación e intervención do fenómeno e a súa condena, permitindo a optimización dos recursos e servizos dispoñibles no territorio da nosa Comunidade Autónoma.

Así, segundo se recolle no Protocolo, a trata de seres humanos con fins de explotación sexual require unha abordaxe desde **catro perspectivas**:

<b>Primeira</b>	<b>Segunda</b>
<p><b>DESDE A PERSPECTIVA DA PROBLEMÁTICA DA VIOLENCIA DE XÉNERO</b></p> <p>Debe considerarse como un problema de Violencia de Xénero, xa que neste negocio de índole sexual, o corpo da muller é tratado como obxecto de consumo.</p>	<p><b>DESDE A PERSPECTIVA QUE SUPÓN A PROBLEMÁTICA DA PROSTITUCIÓN</b></p> <p>A prostitución é unha actividade delitiva que busca lucrarse comerciando coa muller e, en consecuencia, vulnerando gravemente os seus dereitos fundamentais e a súa dignidade.</p>
<p><b>DESDE A PERSPECTIVA DA DIMENSIÓN DO FENÓMENO</b></p> <p>Trátase dun fenómeno transnacional no que están implicadas diferentes redes e mafias que interveñen nos países de orixe, de tránsito e no de destino.</p>	<p><b>DESDE A PERSPECTIVA DA IMPLICACIÓN DE DIFERENTES AXENTES NA LOITA E PERSECUCIÓN DESE DELITO</b></p> <p>Na persecución deste delito é imprescindible a actuación de varios axentes, tanto xudiciais, coma policiais, laborais e sanitarios.</p>
<b>Terceira</b>	<b>Cuarta</b>

Con esta finalidade, o documento marca unhas pautas básicas de actuación e procedemento nos procesos emprendidos nesta materia, así como itinerarios de intervención de carácter máis específico para os diferentes ámbitos involucrados en dita intervención.

Para dotar dun maior coñecemento a persoas profesionais que interveñen neste ámbito profesional, a continuación recóllese información sobre o réxime penal e procesual da trata de mulleres contida no protocolo.

## O RÉXIME PENAL E PROCESUAL DA TRATA DE MULLERES

*Medidas iniciais de investigación en relación coa trata de mulleres e coordinación de actuacións.*

Ao longo deste apartado, preséntanse as pautas comúns de actuación do ámbito policial, ámbito da inspección laboral, ámbito xudicial, ámbito de cooperación institucional e ámbito de actuación das ONG.



## 1. Ámbito policial

FORZAS E CORPOS DE  
SEGURIDADE ENCARGADAS  
DA INVESTIGACIÓN PENAL  
DO DELITO

Remisión do atestado á/ao Fiscal  
delegada/o de estranxeira da  
provincia

Comunicación ao órgano xudicial  
competente para a instrución

FORZAS E CORPOS DE  
SEGURIDADE QUE PRACTIQUEN  
DILIXENCIA DE INSPECCIÓN

Identificación de posibles vítimas  
a través de indicadores

Traslado á Comisaría en tres supostos:

- 1 Se están indocumentadas
- 2 Se incorresen en infracción da Lei de Estranxeira
- 3 Se manifestan que desexan declarar voluntariamente

(Tamén coas mulleres estranxeiras que acudan voluntariamente ao Xulgado e ás FFCCSS a interpoñer denuncia).

Recibirán tratamento propio de vítimas de delitos violentos con carácter preferente á condición de estranxeira irregular

Axuízamento criminal, Lei 19/1994 de protección de testemuñas e ocultación de identidade, (Convenio de Varsovia)


A 1ª declaración será en condición de testemuña

Elaboración atestado policial (remisión á Fiscalía e á autoridade xudicial competente e, de ser o caso, oficio policial á Inspección de Traballo)

## 2. Ámbito de inspección laboral



### 3. Ámbito xudicial



Outorgamento dun estatuto especial (se a vítima persiste no desexo de colaborar)

#### Contido dese estatuto:

Comunicación á autoridade competente para tramitar permisos de residencia.

Implantación/mantemento de medidas de asistencia, aloxamento, mantemento...


Adopción/mantemento de medidas de asistencia, aloxamento, mantemento...

Adopción/ratificación medidas LO 19/1994 e LO 35/1995

Información á vítima da posible perda do Estatuto por incumprimento das súas obrigas.

Comunicación a DEXTRA para evitar expulsións.

Outorgamento dun estatuto especial (se a vítima persiste no desexo de colaborar)



## 4. Ámbito de cooperación institucional

### **BRIGADA DE ESTRANXEIRÍA**

Informe periódico sobre:

